



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Paula Ares Otero, Secretaria-Interventora do Concello de Lousame (A Coruña), cuxo Presidente da CIACP é don Esteban Ares García

CERTIFICA: Que a **Comisión Informativa dos asuntos de competencia plenaria**, na **sesión ordinaria** que tivo lugar o día **18 de xullo do 2025**, adoptou entre outros o seguinte **acordo**, que se transcribe dun xeito literal, salvo erro ou omisión involuntarias:

6.- DITAME SOBRE A APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA OF REGULADORA DO IVTM (2025/G016/000001)

1

En consecuencia, a Comisión Informativa dos asuntos de competencia plenaria, por unanimidade dos seis (6) concelleiros presentes, sendo sete (7) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, ditamina favorablemente o seguinte acordo:

Asunto: Modificación da Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica (IVTM)
Expediente: 2025/G016/000001

“O Pleno Corporativo, órgano competente para a adopción do presente acordo, na aplicación da lexislación vixente en materia de réxime local, emite o mesmo baseado nos seguintes antecedentes e fundamento xurídicos:

Antecedentes Administrativos:

1. O Concello de Lousame acordou, no seu momento, a fixación dos tipos impositivos do Imposto sobre vehículos de tracción mecánica, mediante a aprobación da Ordenanza Fiscal reguladora do citado imposto.
2. Durante moitos exercicios orzamentarios (*dende o 2008*), o coeficiente de incremento aprobado, que se aplica sobre as cotas mínimas legais establecidas no artigo 95.1 do Texto Refundido da lei Reguladora das Facendas Locais (RDlexislativo 2/2004, do 5 do marzo), está fixado no 1,10.
3. Logo de 18 anos, considérase conveniente proceder a un lixeiro incremento dos tipos de gravame; xa que os gastos estruturais e fixos do Concello foron incrementados pola entrada en vigor de diferente normativa (tanto estatal coma autonómica). Por todo isto, é necesario acadar a maior suficiencia financeira da entidade local, que lle permita atender as súas competencias mínimas e obrigatorias, así como satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.



4. Para acadar estes obxectivos de interese público, preténdese modificar a Ordenanza Fiscal no seguinte senso:

Redacción actual	Artigo 1º.- De conformidade co previsto no artigo 95.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, o coeficiente de incremento das cotas do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica aplicable a este Concello será o 1,10.
Modificación proposta	Artigo 1º.- De conformidade co previsto no artigo 95.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, o coeficiente de incremento das cotas do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica aplicable a este Concello será o 1,40.

5. Informe da Secretaría-Intervención núm. 122 do 02/07/2025

Fundamentación Xurídica:

1. O órgano competente par a adopción deste acordo é o Pleno Corporativo, na aplicación do artigo 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local
2. O procedemento para modificar a ordenanza fiscal é o regulado no artigo 17 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Á vista do exposto, o Pleno Corporativo **ACORDA:**

Primeiro: Aprobar inicialmente a modificación da “Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto de sobre vehículos de tracción mecánica”, nos termos que figuran no expediente e coa redacción que de seguido se indica:

Redacción actual	Artigo 1º.- De conformidade co previsto no artigo 95.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, o coeficiente de incremento das cotas do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica aplicable a este Concello será o 1,10.
Modificación proposta	Artigo 1º.- De conformidade co previsto no artigo 95.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, o coeficiente de incremento das cotas do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica aplicable a este Concello será o 1,40.

Segundo: Abrir o período de información pública, por un prazo de 30 días hábiles, cun anuncio que será publicado no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos Electrónico do Concello.



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Terceiro: No caso de que non se tivese presentado ningunha reclamación ou suxerencia, entenderase definitivamente adoptado o acordo que até ese momento era provisional.

Cuarto: Unha vez que o acordo provisional se eleve a definitivo (de xeito expreso ou tácito), a entrada en vigor da modificación da ordenanza fiscal reguladora terá lugar cando se publique completamente o seu texto no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse a partir do 1 de xaneiro do 2026"

E para que así conste, e aos efectos oportunos, emítese o presente, co visto e praxe da Presidencia, en Lousame na data da sinatura dixital

O Presidente, Esteban Ares García

A Secretaria-Interventora, Paula Ares Otero